



PLAN DIXITAL

EEI Fina Casalderrey

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. <u>Introdución</u>	2
1.1. Datos básicos do centro	
1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro	
1.3. Breve xustificación do mesmo	
1.4. Proceso de elaboración	
2. <u>Situación de partida</u>	6
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais	
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO	
2.3. Análise DAFO	
3. <u>Plan de Acción</u>	11
3.1. Obxectivos, indicadores e accións	
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas	
4. <u>Avaliación do PD</u>	18
4.1. Seguimento do Plan de Acción	
4.2. Propostas de mellora (revisión)	
5. <u>Difusión do PD</u>	18

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Atopámonos ante un centro público exclusivo para o 2º ciclo da Educación Infantil de liña 2, situado na periferia da cidade de Pontevedra, máis concretamente na urbanización de Monte Porreiro, con enderezo na rúa Reino Unido, nº 18 e adscrito ao CEP Marcos da Portela situado no mesmo barrio. O correo educativo do centro é eei.fina.casalderrey@edu.xunta.gal. Por outro lado, contamos con páxina web e blog educativo, sendo respectivamente os seguintes: www.edu.xunta.gal/centros/eeifinacasalderrey/ e www.escolafinacasalderrey.blogspot.com.

A nosa escola conta actualmente con 102 alumnos e alumnas distribuídas en 6 unidades catalogadas, dúas para cada nivel educativo. Por outra banda, o claustro está formado por 10 mestras e mestres definitivos, 2 itinerantes con outro centro base (orientadora e mestra de relixión) e 1 provisional (P.T.). Anualmente participamos en cursos/ seminarios de formación. O equipo directivo polas circunstancias do centro solo conta con Directora e Secretaria.

Ademais, como persoal non docente contamos con dúas coidadoras auxiliares para alumnado que presenta necesidades educativas especiais, con conserxe e con persoal de limpeza.

Como servizos complementarios ofrecemos comedor escolar, tanto para o plan madruga como para comida ao mediodía, e con dúas rutas de transporte escolar.

A ANPA do centro, denominada "ANPA Os Campos" organiza as actividades extraescolares para o alumnado que o desexa, colabora e subvenciona algunhas actividades complementarias do Centro, entre tantas das súas funcións.

Por último, no referente ás instalacións do centro dicir que dispoñemos de aulas diversas dedicadas á biblioteca escolar, salón de actos, despacho de Xefatura do Departamento de Orientación, aula de inglés, de Audición e linguaxe, de pedagogía terapéutica, de relixión, de apoio, de psicomotricidade e de usos múltiples, ademais das aulas correspondentes a cada titoría, patio dinámico e horta escolar.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A maior parte do alumnado deste centro provén de familias de nivel socioeconómico e cultural medio-baixo agravada coa crise económica actual, atopándonos polo tanto con familias en situación desfavorecida, con poucos recursos ou con horarios que impiden a dedicación aos seus fillos/as e, como consecuencia disto, cada vez máis alumnado con necesidades diversas referidas a retrasos madurativos, á escasa fluidez verbal, a dificultades de comprensión, de atención, coordinación motriz, entre outras. Contamos polo tanto cun número importante de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). Ademais, a lingua maioritaria do alumnado é o castelán.

O modelo de familia predominante está formado por proxenitores moi novos e, xunto ao modelo tradicional de familia, súmase cada vez con máis frecuencia a aparición de familias monoparentais e de acollemento. Tamén contamos con heteroxeneidade multicultural progresiva de alumnado: fillos/as de inmigrantes sudamericanos, marroquís, así como con alumnado de etnia xitana.

Por outro lado, traballamos por proxectos, o que fai que empreguemos unha aprendizaxe significativa, unha aprendizaxe que pretende partir do que os nenos/as xa saben para chegar ao que queren saber, creando constantemente na aula situacións que estimulan ao alumnado na toma de decisións, no análises, na reflexión, etc., favorecendo deste xeito o ensino por descubrimento e un coñecemento construído por un mesmo (construtivismo). Contemplamos como principio a diversidade do alumnado, adaptando a práctica educativa ás características persoais, necesidades e intereses e estilos cognitivos dos nenos e nenas.

Do mesmo xeito, en relación á contribución deste plan ao Proxecto Educativo, cabe sinalar que, sendo unha escola de EI exclusivamente, no participamos en plans dixitais tipo EDIXGAL ou ABALAR, como acontece noutra tipoloxía de centros educativos. Aínda así, cabe destacar que o centro educativo pouco a pouco foi

incorporando pantallas dixitais ás aulas, contando neste momento cunha en cada nivel, así como na biblioteca escolar, no salón de actos e na aula de audiovisuais.

Tamén é convinte sinalar neste intre que, ademais de todo o anterior, o curso pasado fíxose no centro un PFPP relacionado coa robótica educativa, o cal beneficiou enormemente ás aulas do colexio. Este curso continuouse co emprego deste recurso de forma individual cos grupos-clase.

Para rematar este apartado, en relación á contribución deste plan á Programación Xeral Anual do vindeiro curso, cremos que debería mellorar a conexión WIFI do centro, xa que o resto de obxectivos sen o cumprimento deste será complexo levalos a cabo. Por outro lado, se melloran as infrasestructuras vai axudar á realización doutras actividades educativas dixitais. Ademais, pouco a pouco e de forma progresiva, será necesario ir substituíndo algún EDI e algún proxector que non funcionan correctamente, así como ir cambiando os ordenadores de mesa por ordenadores portátiles.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Este Plan de Dixital, está enmarcado en base ao lexislado no artigo 111 bis, así como o 121 e 132 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación, onde se fai especial fincapé á necesidade de que a Administración pública vele polo acceso ás TIC de todo o alumnado, así como de dispor das tecnoloxías precisas para acadalo, entre outras cuestións. Asemade fai referencia á incorporación deste plan ao PE e á competencia do equipo directivo para a súa aprobación.

Por outra banda, na Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022, recóllese na Disposición adicional quinta que “os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.”

Para rematar, na Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, recóllense tódolos aspectos necesarios para a elaboración deste plan.

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración deste plan, creouse un Equipo de Dinamización do Plan Dixital, formado pola coordinadora Aida M^a Vila Sabín, así como por María del Mar Blanco Crespo e Lorena Seijo Pardo. De tódolos xeitos, para a súa posta en marcha, foi precisa a participación de todo o profesorado que forma parte do centro educativo.

Nun primeiro momento, partiuse da realización por parte do Claustro e Equipo Directivo, do TEST Selfie e máis tarde, do TCDD. Unha vez se fixeron ámbolos dous test, o equipo puido comezar a analizar os resultados, sintetizándoos e recolléndoos nunha táboa, dando así lugar a unha análise DAFO. Desta análise, partiuse para a elaboración do Plan de Acción, que dá lugar ao desenvolvemento deste Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Neste apartado, cabe comezar sinalando a infraestrutura dixital xeral do noso centro. Así, en primeiro lugar, cabe poñer en especial énfase a existencia dunha conectividade WIFI obsoleta, a cal vai por introdución de IP e non por conexión a través do usuario da XUNTA. Ademais, moitos dispositivos van aínda por cable. A velocidade da rede é baixa en moitas ocasións. Por outra banda, a conexión por datos móbiles é nula, tendo moitas veces que saír a fora para obter cobertura. Esta situación, produce que non se poidan traer dispositivos propios ante a imposible conexión, dificultando así o traballo co alumnado con NEAE, anulando ademais en numerosas ocasións o traballo docente programado e complicando a exposición de relatores ou discursos formativos do PFPP, de proxeccións ás familias, entre outros inconvintes.

Por outro lado, con respecto ao equipamento dispoñible, debemos facer referencia ao seguinte:

- Aulas dixitalizadas: neste intre, dispoñemos de 6 aulas ordinarias de infantil que contan con proxector, EDI e altofalante. Destas, dúas teñen o EDI que non funciona axeitadamente, e outras dúas comezan a ter fallos no proxector. Por outra banda, estas aulas contan con 5 ordenadores e 1 portátil, tendo este último menos de 5 anos. Nas aulas específicas, dispoñemos de 2 ordenadores e un portátil. Ningunha delas ten EDI nin altofalante.
- Equipos de xestión e administración: dirección conta con 2 ordenadores e un portátil, tendo este último menos de 5 anos.
- Uso na biblioteca: a biblioteca escolar dispón dun proxector, dun EDI, dun altofalante e dous ordenadores.
- Equipos para uso na sala de mestres e departamentos: a sala de mestres conta con dous ordenadores para todo o profesorado; mentres que o departamento de orientación dispón dun ordenador portátil. Sinalar tamén

neste punto, que na aula de audiovisuais contamos cun EDI, un altofalante e un portátil.

- Equipos ultraportátiles: hai a maiores dous portátiles que se empregan no salón de actos e, cando é preciso, noutras aulas. Un destes ten menos de 5 anos.

Con respecto ao equipamento dispoñible no centro, indicar que ao ser unha EEI non contamos con equipamento E-Dixgal. Tampouco temos aula de informática con ordenadores, aínda que, como xa se sinalou, hai unha aula de audiovisuais que conta cun EDI, altofalante, un portátil, con CROMA e 6 robots educativos..

Asemade, cabe mencionar os servizos dixitais educativos cos que conta o centro, que neste caso son a páxina web e blog do centro, e aplicación REMIND para a comunicación coas familias.

Por último, en relación á xestión do mantemento do equipamento do centro, temos unha empresa externa contratada que asiste regularmente para realizar este mantemento e os posibles arranxos que xurdan ao longo do curso, mantemento que se fai cos gastos de funcionamento do centro. Indicar ademais que, a maioría dos equipos foron mercados polo centro, incluídas os EDI.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Como xa se indicou anteriormente, para a realización da análise DAFO, tomáronse en conta os resultados obtivos no TEST Selfie, que se poden resumir na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Infantil
A -Liderado	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3,5
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,5
	Profesorado	2,5
	Alumnado	-
C- Infraestructuras e Equipos	Equipo Direct.	3,2
	Profesorado	3,2
	Alumnado	-
D- Desenvolvemento	Equipo Direct.	4,8

profesional continuo	Profesorado	4,1
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,5
	Profesorado	3,9
	Alumnado	-
	Equipo Direct.	3
F- Pedagogía: Implementación na aula	Profesorado	3,7
	Alumnado	-
	Equipo Direct.	2
G- Prácticas de avaliación	Profesorado	2,8
	Alumnado	-
	Equipo Direct.	1
H- Competencias dixitais do alumnado	Profesorado	2,4
	Alumnado	-
	Equipo Direct.	1

Pero, ademais do anterior, tamén se tomaron en consideración os datos obtidos no TestCDD, que se resumen nas seguintes táboas:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	7	9	77,8%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	0	1	0%
SUBSTITUTO	2	2	100%
DESPRAZADO	0	0	0%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
53,3	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	51,4	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	4	40%
A2	2	20%
B1	3	30%
B2	1	10%
C1	0	0%

C2	0	0%
TOTAL	10	100%

Por último, subliñar a importancia da opinión do resto do profesorado e da comunidade educativa en xeral para a realización deste documento. Así, mantívose a todo o claustro informado ao longo da súa elaboración, poñendo no seu coñecemento os resultados obtidos na recollida de datos para a análise DAFO, así como pedindo a súa opinión para a posta en marcha do Plan de Acción.

2.3. Análise DAFO

A continuación, podemos observar o análise DAFO obtido a partir dos resultados do SELFIE e do TCDD realizados ao longo deste curso 2021-2022.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. O centro conta cunha ubicación e un espazo físico axeitado. 2. Hai dispoñibilidade de algúns recursos dixitais para o ensino.	1. O acceso a internet no centro é un sistema moi antigo e non cubre todos os puntos nin permite a conexión con calquera dispositivo. 2. Non existe asistencia técnica que cubra as necesidades dixitais do centro.
	PERSONAL DOCENTE	1. Hai debate sobre o uso da tecnoloxía. 2. O profesorado está ao día das novas modalidades de ensinanza. 3. O persoal docente é coñecedor e cumpre, con carácter xeral, coas normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso. 4. O claustro está en continua formación e participa activamente en estratexias dixitais. 5. Créanse recursos dixitais.	1. O profesorado non ten a competencia dixital suficiente. 2. A falta de tempo para explorar a ensinanza dixital. 3. Pouca sinerxia para a aprendizaxe mixta.
	PERSONAL NON DOCENTE	1. O persoal non docente implícase no uso tamén de ferramentas dixitais.	1. O persoal non docente non ten as mesmas oportunidades de formarse en estratexias dixitais.
	ALUMNADO	1. O alumnado implícase coas ferramentas dixitais.	1. É alumnado moi pequeno para o manexo das ferramentas dixitais.
	FAMILIAS	1. Existe unha boa comunicación coas familias.	1. Hai unha falta de medios dixitais nas familias do alumnado para unha modalidade telemática.
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Existencia dun Plan Dixital real.	1. As plataformas dixitais impulsadas pola Administración Pública non están adaptadas á Educación Infantil. 2. As achegas económicas ao centro para mellorar a súa dixitalización son escasas. 3. Non dota de equipos tecnolóxicos ao centro.
	LEXISLACIÓN		1. Non existe un entorno dixital lexislado para a etapa de Educación Infantil. 2. A carga burocrática que requiren todos estes

			plans.
	CONTORNA	1. A sociedade está sensibilizada coa necesidade dunha educación dixital.	
	ANPA	1. Hai unha boa comunicación coa ANPA.	
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

A continuación desenvólvese o Plan de Acción deste Plan Dixital que, con independencia das propostas de mellora, foi elaborado para a posta en práctica no vindeiro curso escolar 2022-2023. Para a súa elaboración, foron tidos en conta os recursos, tanto materiais como humanos, cos que conta o centro neste momento.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Previamente á elaboración deste Plan de Acción, realizouse unha análise DAFO, recollida no apartado anterior, que mostrou as distintas debilidades e ameazas presentes no noso centro, así como as fortalezas e oportunidades. Desta forma, observamos unha necesidade urxente dun cambio na instalación da rede WIFI, de aí que o primeiro obxectivo esté relacionado con este aspecto.

Así, os obxectivos deste Plan de Acción son os seguintes:

1. Mellorar a conectividade WIFI do centro.
2. Optimizar os medios dixitais existentes.
3. Crear material audiovisual para chegar a toda a comunidade educativa.

Sendo os indicadores:

1. Acceso a internet con calquera dispositivo e en calquera lugar das instalacións escolares.
2. Porcentaxe de dispositivos dixitais que funcionan axeitadamente.
3. Porcentaxe de profesorado que envía material audiovisual á comunidade educativa a través da aplicación do centro.

Por último, para a súa consecución dos distintos obxectivos, levaranase a cabo as seguintes accións:

1. Para o obxectivo nº1 "Mellorar a conectividade WIFI do centro", faranse accións como: solciitar un cambio na instalación de INTERNET para un sistema máis moderno; dotar dunha rede WIFI axeitada ás necesidades do centro; ou actualizar tódolos dispositivos para garantir unha axeitude

conexión.

2. Para o obxectivo nº2 "Optimizar os medios dixitais existentes" levaranse a cabo accións como: adquirir algún ordenador portátil para as aulas; actualizar os dispositivos existentes nas aulas; ou comprobar o funcionamento dos distintos dispositivos dixitais.
3. Por último, para o obxectivo nº3 "Crear material audiovisual para chegar a toda a comunidade educativa" realizaranse accións como: fomentar a creación de material audiovisual nas aulas; actualizar blogs do centro; ou favorecer o uso das TIC como medio informativo entre o profesorado.

Sinalar neste intre, que para poder acadar o resto de obxectivos, é primordial que se consiga o primeiro deles: "Mellorar a conectividade WIFI do centro", xa que deste depende en gran medida a consecución dos demais. Os principais responsables en velar pola consecución destes, serán o equipo directivo e o/a coordinador/a TIC, aínda que se involucrará en moitas das accións ao resto de profesorado e á comunidade educativa en xeral. Todos estes aspectos aparecen recollidos nunhas táboas de forma máis minuciosa ao remate deste apartado.

Xa para rematar, indicar que o 15 de xuño de 2023 será a data límite para a consecución dos distintos obxectivos, sendo a partir dese momento onde se fará unha avaliación final.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Con respecto ás necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas, débese salientar a necesidade urxente de dotar dunha infraestrutura de datos axeitadas ás necesidades do centro. A rede WIFI quedou obsoleta, sendo preciso introducir unha nova IP cada vez que se desexa conectar un novo dispositivo. Ademais, a conexión por datos é mala en gran parte do centro, polo que a conectividade por este fío é practicamente imposible. Por esta razón, faise moi complexo empregar dispositivos dixitais propios.

Por outra banda, é preciso repoñer varios EDI de forma paulatina, xa que non funcionan axeitadamente. É o caso de dúas das aulas de infantil, nas que parte do táctil da pantalla non funciona e non ten arranxo. Sería preciso comezar pola reposición destas dúas.

Por último, comentar que a UAC está ao tanto da necesidade dun cambio de REDE WIFI para a instalación do protocolo da WIFI edu.xunta no centro educativo dende vai uns anos, pero aínda estamos á espera deste cambio.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

OBXECTIVO 1:	Mellorar a conectividade WIFI do centro.			Acadado		
Responsable:	Equipo directivo			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Acceso a internet con calquera dispositivo e en calquera lugar das instalacións escolares.					
Valor de partida:	20% de dispositivos conéctanse con boa velocidade					
Valor previsto e data:	90% de dispositivos con boa conexión			15/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Solicitar un cambio na instalación de INTERNET para un sistema máis moderno.	Dirección	22/03/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Dotar dunha REDE WIFI axeitada ás necesidades do centro.	Consellería	22/05/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Actualizar tódolos dispositivos para garantir unha axeitada conexión.	Coordinador/a TIC	15/06/2023	WIFI con boa conexión.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

OBXECTIVO 2:	Optimizar os medios dixitais existentes.			Acadado		
Responsable:	Coordinador/a TIC			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de dispositivos dixitais que funcionan axeitadamente.					
Valor de partida:	50% de dispositivos					
Valor previsto e data:	100% de dispositivos			15/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Adquirir algún ordenador portátil para as aulas.	Dirección	15/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Actualizar os dispositivos existentes nas aulas.	Coordinador/a TIC	15/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Comprobar o funcionamento dos distintos dispositivos dixitais.	Coordinador/a TIC	15/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

OBXECTIVO 3:	Crear material audiovisual para chegar a toda a comunidade educativa.			Acadado	
Responsable:	Coordinador/a TIC			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de profesorado que envía material audiovisual á comunidade educativa a través da aplicación do centro.				
Valor de partida:	35% do profesorado				
Valor previsto e data:	100% do profesorado			15/06/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO1.1: Fomentar a creación de material audiovisual nas aulas.	Coordinador/a TIC	15/06/2023	Cámara ou móbil para gravar, e ordenador para a montaxe do vídeo.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Actualizar blogs do centro.	Equipo TIC	15/06/2023	Ordenador.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Favorecer o uso das TIC como medio informativo entre o profesorado.	Dirección	15/06/2023			Realizada
					Aprazada
					Pendente

4. Avaliación do plan

Como todo plan, este requerirá dunha avaliación, tanto procesual como final. Así, ao longo do curso avaliarase a consecución dos obxectivos unha vez ao trimestre: analizaranse os indicadores dos distintos obxectivos e valorarase a necesidade ou non dalgunha modificación. Asemade, tamén se fará unha avaliación final, que será a partir do 15 de xuño de 2023, data na que se dá por finalizada a consecución dos distintos obxectivos. Nesta avaliación farase un análise do grao de cumprimentación dos obxectivos, realizando ademáis unha actualización do plan dixital para o seguinte curso escolar coas distintas propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Este Plan dixital, será aprobado en claustro e será levado ao Consello Escolar. Terase en conta en todo momento a opinión da comunidade educativa. Así mesmo, estará a disposición para calquera persoa da comunidade educativa que o solicite.